



Concello da Coruña

TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A COBERTURA DE 11 PRAZAS DE ARQUITECTO/A SUPERIOR, DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBGRUPO A1, C.E. 1/23

ANUNCIO DA DATA PARA A REALIZACIÓN DO TERCEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN

Convócase as persoas aspirantes que superaron o segundo exercicio para a realización do terceiro, que terá lugar no día, hora e lugar que se detallan a continuación:

Día: 21.01.2025

Hora: 10.00 horas

Lugar: Centro Cívico Cidade Vella, rúa de Veeduría, número 2 (A Coruña)

Consistirá en desenvolver por escrito, durante un tempo máximo de 120 minutos, dous temas, a elixir entre catro, da parte específica do temario anexo a esta convocatoria. Os catro temas serán obtidos mediante sorteo público realizado polo tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio.

O tribunal valorará que as respostas se axusten aos contidos dos epígrafes dos temas elixidos, a estrutura da exposición, a claridade e orde das ideas, a precisión da linguaxe utilizada e a capacidade de síntese.

As persoas aspirantes deberán acudir á proba provistas do DNI ou documento equivalente que acredite a súa identidade, así como de bolígrafo negro ou azul.

Os aparellos electrónicos (teléfonos móbiles, axendas, auriculares, etcétera) están prohibidos dentro da aula onde se realice o exercicio.

A Coruña, na data da sinatura dixital deste documento electrónico

O secretario do tribunal